


Tirulëkuë



LETRAS DISCOS



A SEÑA LIXANDRA

**A seña Lixandra bebeu caña e viño,
a seña Lixandra, borracha no camiño.**

**Vámonos de aquí, señora Lixandra,
vámonos de aquí, que vamos de parranda.**

**A seña Lixandra matou un porquiño,
a seña Lixandra, que todo era touciño.**

**Vámonos de aquí, Ai, tía Manuela!
Vámonos de aquí, vamos de borrachera!**

RETROUSO

**AÍ VAI CAROLINA, DEIXALA PASAR,
VAI PRA A REPICHOCA VAISE EMBORRACHAR (bis)**

**A seña Lixandra quería casare,
a seña Lixandra, cun vello do lugare.
Vámonos de aquí señora Lixandra,
vámonos de aquí, que vamos de parranda.**

**Mais aquel velliño quería intimare,
e a seña Lixandra, non o quere deixare.
Vámonos de aquí, Ai, tía Manuela!
Vámonos de aquí, vamos de borrachera!**

RETROUSO

**A seña Lixandra, gustáballe o velliño,
a seña Lixandra, por causa do cartiño.
vámonos de aquí, señora Lixandra,
vámonos de aquí, que vamos de parranda.**

**A seña Lixandra, quería enviudare,
a seña Lixandra, pra poder heredare.
Vámonos de aquí, Ai, tía Manuela!
e vámonos de aquí, vamos de borrachera!**

RETROUSO

**A seña Lixandra, morreu ela primeiro,
a seña Lixandra, deixou o vello solteiro.
E vámonos de aquí, señora Lixandra,
e vámonos de aquí, que vamos de parranda.**

**A seña Lixandra, deixounos aprendido,
a seña Lixandra, non vivir pra o cartiño.
E vámonos de aquí, Señora Lixandra,
e vámonos de aquí, que vamos de parranda.**

RETROUSO



SAN SADURNIÑO

**Eu fun á feira de San Sadurniño,
enchinme de viño, de rir e troular,
bailei a muiñeira, brinquei coas nenas
e co meu fouciño din paus a mallar.**

AI LA, LA, LA, LA...

**Desfíxenlle o baile, rompinlle o pandeiro
e os mozos do Outeiro viñéronse a min;
e tonto non fixen no campo enseguida
da miña mauciña dous palmos lles din.**

AI LA, LA, LA, LA...

**Loitei un anaco con tres veciñares,
tumbeinos aos pares sen nada nas mans;
con un puñetazo dos meus cotromeiros
chimpei os queixeiros dos tres de Bardaos.**

AI LA, LA, LA, LA...

**Sentín o aturuxo no medio da ponte
que ata o meu monte sentín que estrombou;
deixeime de andar i apreto a mauciña
pois cara min viña quen aturuxou.**

AI LA, LA, LA, LA...

**I vin uns homes no monte correndo
cos paus levantados como unhos ladrós;
despois de mallarme xunto a un pasadoiro
puxéronme en coiros, aqueles bribóns.**

AI LA, LA, LA, LA...

**Non volvo á feira de San Sadurniño
nin bebo máis viño nin volvo a troular,
nin bailo a muiñeira nin brinco coas nenas
nin co meu fouciño dou paus pra mallar.**

AI LA, LA, LA, LA...

**Si vas á festa do viño virás aburrído,
comerás castañas asadas e leite fervido,
e ron, e ron, e ron e ron, e ron, e ron, e ron
e ron, e ron, e ron e róncale o corazón
e róncale o corazón e róncale o corazón.**

RAS, TRAS, PATRÁS!



CANTO DAS MOZAS

Escoiten señores, presten atención:
Primero las mozas diremos quen son,
nos darán la razón e o van a estimar,
PORQUE DE LAS MOZAS MUCHO HAY QUE CONTAR

Salen de paseo con pie de pantufla.
Ai, que buena moza! Ai que buena burra!
Se vai a casar, se vai a casar,
PORQUE DE LAS MOZAS MUCHO HAY QUE CONTAR

Van para la misa con mucha emoción,
diciendo palabras en conversación,
son palabras buenas, son dignas de hablar,
PORQUE DE LAS MOZAS MUCHO HAY QUE CONTAR

As rapaciñas que veñen ó baile,
seica unha delas é a filla do fraile.
Ten moito coidado con quen vas bailar,
PORQUE DE LAS MOZAS MUCHO HAY QUE CONTAR

Gústalles comprar e non miran os cartos,
sempre chegan tarde e estamos xa fartos.
Se queres casar, telo que aguantar,
PORQUE DE LAS MOZAS MUCHO HAY QUE CONTAR

**Coidado coas nenas da cara pintada,
se as ves polo día non valen pra nada.
Non che deixan ir, querenche amarrar,
PORQUE DE LAS MOZAS MUCHO HAY QUE CONTAR**

**Botámolas redes a ver si pescamos
sardiñas do mar ou herbas do campo.
Hainas que aquelar, non pensedes mal,
PORQUE DE LAS MOZAS MUCHO HAY QUE CONTAR**

**Tódalas copliñas que vou rematare,
só teñen a rima, nada de verdade.
Todos nesta festa vámolos cantar,
PORQUE DE LAS MOZAS MUCHO HAY QUE CONTAR**



A LARANXA

**Se un día estás aburrido non tes ganas de bailar?
Vente conmigo á Laranxa que alí podes parrandear
alí hai moi bo marisco bo sitio pra farrear
e con moitos reservados pra poder enamorar
e con moitos reservados pra poder enamorar**

RETROUSO

**AI, AMOR, VENDE CONMIGO BAILAR
AI, AMOR, Á LARANXA PRA GOZAR
AI, AMOR, QUE RITMO TAN SABROSÓN
AI, AMOR, NON PERDAS NUNCA O COMPÁS**

**Se nunca fuches á Laranxa e tes ganas de bailar
tes que ir a visitala para así poder danzar
alí todos bailan soltos todos bailan sin parar
a non ser os camareiros que teñen que traballar
a non ser os camareiros que teñen que traballar
Ai, amor...**



O CERRALLEIRO

**Iba decindo unha nena no coche da trabadense
que pra ser bon paragüeiro hai que nacer en Ourense.**

**I esas que van ó estraperlo máis pra alá de Canabal
contan que chegan as chispas á raia de Portugal.**

**Hai rapaciñas en Lugo cos sentidos ben privados
que lles gustan os da chispa máis que os que plantan os nabos.**

**Por exemplo á miña filla que foi ben dura da testa
moitos traballos pasamos pra estudiala pre maestra.**

**Estaba poñendo a escola no valle da Lorenzana
sentiu berrar a un chispante asomouse a unha ventana.**

**Gracias a Dios que atopei unha rapaciña lista
que comprendeu que pra arreglos non os hai coma os da chispa.**

**E arregloulle a porcelana e tapoulle unha tarteira
entroulle na habitación e pintoulle unha carteira.**

**Varias alaxes de ouro e un gabán de terciopelo
pero o peor inda foi que lle amañou un pequeno.**

**Deixoulle a roda na casa e uns chalecos de cuero
por si salía de pinta que aprendese a paragüeiro.**

**Dice unha veciña miña: "trátame de tú por tú"
Vaia o que fixo ben, Dios lle de moita saúde.**



LIMIÑO

**Para Santiso vou rindo para Vigo vou cantando
no lugar de Limiñoa como unha troita nadando
no lugar de Limiñoa como unha troita nadando
ai la la la lá ai la la la lá la la la**

**Unha vella e máis un vello a máis un escorcovado
foron facer un tullido á casa dun derreado
foron facer un tullido á casa dun derreado
ai la la la lá ai la la la lá la la la**

**E ti qué fas gaiteiriño e ti qué fas todo o vran
os demáis sachan no millo e ti coa gaita na man
os demáis sachan no millo e ti coa gaita na man
ai la la la lá ai la la la lá la la la**

**Vouvos dar a despedida vouvos dar o parabén
vouvos dar a despedida que ma dan a mín tamén
vouvos dar a despedida que ma dan a mín tamén
ai la la la lá ai la la la lá la la la**

**Vai bailar non seas burro vai bailar non seas xan
se te apretan os zapatos baila con eles na man
baila con eles na man baila con eles na man
vai bailar non seas burro vai bailar non seas xan**



ALALÁ DE MUXÍA

Nosa Señora valeime

Nosa Señora da Barca

Nosa Señora valeime

Que estou no medio do mare

Non hai barqueiro que reme

Non hai barqueiro que reme

ai la le lo, ai la la la

Entra en milagreira ría

barca que entra en Camariñas

entra en milagreira ría

Ve-lo castelo Corpiño

Virxe da Barca en Muxía

Virxe da Barca en Muxía

ai la le lo, ai la la la



O CHEIRO DA LÚA

**Atopei uma menina dei-lhe um beijinho na testa,
ela disse máis abaixo, máis abaixo que aí não presta.
Diz eu, então máis abaixo, dei-lhe um beijinho na boca,
ela disse máis abaixo, máis abaixo que aí não toca.**

Retrouso:

**AI! AI! AI! OLHA O CHEIRO QUE A ROSA TEM
AI! AI! AI! VEM Á JANELA, DONCELA, MEU BEM.**

**Diz eu então máis abaixo, dei-lhe um beijinho no peito,
ela disse máis abaixo, máis abaixo que aí não tem jeito.
Diz eu então máis abaixo, dei-lhe um beijinho no embigo,
ela disse máis abaixo, máis abaixo não há perigo.**

Retrouso

**Diz eu então máis abaixo, dei-lhe um beijinho no pe,
ela disse máis a cima, máis a cima, isso que é?
Diz eu então máis a cima, dei-lhe um beijo no joelho,
ela disse máis a cima, máis a cima no pendelho.**

Retrouso bis 3



CORTELLAS

**Quen me dera unha veiga, anque fora nas Cortellas
para lle ir botar auga de noite polas estrelas.**

**Na aldeña das Cortellas, non se pode namorar.
De día todo son vellos, de noite, cans a ladrar.**

**Pandeiro de catro esquinas non se toca cunha man.
Tócao a miña cuñada, a muller do meu irmán.**

**Do outro lado do río, teño unha linda cuñada.
Bailadores do torreiro, velaí vai a ribeirana.**

**Moito miras para min, moito me chiscas o ollo.
Son criado de servicio, non podo atender a todo.**

**Andas pra riba e pra baixo, como a folla da pereira.
Andas pra riba e pra baixo, non atopas quen te queira.**

**Tiña os olliños verdes, aínda agora reparei.
Se reparara máis cedo, non amaba a quen amei.**

**Vouvos dar a despedida, por riba dunha peseta.
Agora non canto máis que teño a garganta seca.**



AS BEIRIÑAS DO MAR

Teño unha barca pequena
xunto na beira do mar,
teño unha barca pequena.
Tamén teño unha meniña
que se quer pronto casar (bis).

Retrouso:

**É TODO O QUE EU TEÑO, NON QUERO TER MÁIS.
O QUE TEÑO SÓBRAME E FAIME RABiar (BIS 2).
É TODO O QUE EU TEÑO, NON QUERO TER MÁIS.**

A miña filla mollouse
por ir de noite ao mar,
a miña filla mollouse.
E o que lle pasou despois
é millor non o contar (bis).

RETROUSO

Porque son bo mariñeiro
traio sardiñas do mar,
porque son bo mariñeiro.
Tamén teño faltriqueira
para os cartiños gardar (bis).

RETROUSO



ASUBÍASME DE LONXE

**Asubíasme de lonxe
como can que vai perdido (bis).
Non che son galgo de lebre
que atenda por asubío.**

**Pensabas que te quería
porque che falo e che rio (bis).
O falar é vontade,
e o reir, costumbre mío.**

**Silva verde, si me prendes
préndeme ben e asegura (bis).
Que eu xa me puiden ceibar
doutras cadeas máis duras.**

**Olvidáchesme, olvideite,
nada che quedei debendo (bis).
Déchesme a carta de pago,
dinche o recibo correndo.**



ROMANCE DOS PARAGÜEIROS

**Eu non sei se será certo o que lin nunha revista,
que os mellores industriais saen da terra da chispa.**

**Por toda a región gallega, por cualquier sitio que queira,
sempre se oen aos de Ourense vocear desta maneira.**

**Afiador e paragüeiro, arranxo fuentes e pratos,
compro caldeiros de cobre, gomas vellas e farrapos.**

**Pero os que arranxan paraugas, sartenes e porcelanas,
tamén teñen o costume de subir polas ventanas.**

**Miña irmá tiña unha filla dunhos vinte anos e pico,
non a deixaba ter novio a non ser que fora un rico.**

**Ela ben o merecía que era unha moza elegante,
tiña unha casa moi feita e un bon lameiro en diante.**

**Como se fora un castigo o díaño que a tentou,
que un paragüeiro de Ourense con sencilleza a enganou.**

**Pra poder estar con ela subía pola ventana,
aló pola media noite cando xa estaba na cama.**

**Ao pouco tempo a rapaza sentíase moi maliña,
e eu mesmo lle fun buscar o médico da beixiña.**

**Doulle fregas á barriga, púxolle indicións de suero,
hastra que notou que tiña principio dun paragüeiro.**

**Miña irmá e o meu cuñado ó saber o acontecido
comezaron a berrar que aquilo era un alarido.**

**Mais nós fumos contemplando que o chorar é perder tempo,
chamamos ó paragüeiro e tratouse o casamento.**

**Pero agora o condenado non se quere sujetar,
sempre lle di ás veciñas: tedes algo que amañar?.**

**Algunhas non lle fan caso, pero outras vano buscar,
facendo coma que teñen un cravo pra remachar.**

**Dice a mestra deste pueblo que é unha muller moi lista:
Non vos hai peor canalla que eses da terra da chispa (bis 2).**